

REVISTA GALLEGA DE DIREITO SOCIAL

RECURSOS E SANCÍONS

RESOLUCIÓN DE 1 DE XULLO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 4.2.d) e 19 do do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, en relación co artigo 67 do Decreto de 31 de xaneiro de 1940 e artigo 206 da Orde ministerial do 28 de agosto de 1970 en relación coa Disposición final primeira nº 2 do Convenio colectivo xeral do sector da construción (Resolución do 4 de maio do 1992); por canto o andamio sobre o que se atopan dous traballadores, de pé metálico, carece de barandas e rodapés, estando os referidos traballadores a unha altura de 5,80 metros; existindo un risco grave de caída, carecendo de calquera outro tipo de protección individual ou colectiva.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 12.16.f) do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, proponéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 €, conforme ó artigo 40.2.b) da mesma norma legal.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 30 de outubro de 2001 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.502,54 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Respecto das alegacións efectuadas polo recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1.- O Inspector de Traballo e Seguridade Social, previamente ó levantamento da acta, pode levar a cabo unha serie de actuacións tendentes a comprobar o cumprimento das disposicións legais, regulamentarias ou os convenios colectivos na orde social, actuacións que, segundo dispón o artigo 8 do citado Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social, non pode dilatarse por máis de nove meses nin interrompirse por máis de tres meses. A visita da Inspección realizada no presente caso e a posterior comparecencia da empresa nas súas oficinas, deben encadrarse no ámbito destas actuacións comprobatorias, constatándose que se cumpriron os prazos previstos regulamentariamente. Así mesmo, reitérase que o prazo de dez días recollido no artigo 17 do citado regulamento, é para notificar a acta e non para levantalas.

2.- En canto á suposta vulneración do dereito de defensa por ausencia do trámite de audiencia ó interesado, cabe sinalar que non pode ter favorable acollida nesta instancia. Neste sentido, cabe aclarar que o artigo 18.4 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infracción de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, prevé a concesión, polo órgano competente para resolver, dunha nova audiencia ó interesado, por término de oito días hábiles e con vista do actuado, sempre que das dilixencias practicadas se desprenda a invocación ou concurrencia de feitos distintos ós resinados na acta da Inspección. Polo tanto, non é preceptiva a audiencia do interesado salvo que do escrito do interesado, das probas aportadas por el ou dos informes complementarios se desprenda a existencia de feitos distintos ós incorporados na acta. Precisamente, no caso que nos ocupa, nin as alega-

cións nin o informe ampliatorio emitido pola Inspección, aportan novos feitos polo que non é preciso o trámite de audiencia.

3.- Polo demais, o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmala resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.A.A. en representación da empresa "N.C.G., S.L." contra a Resolución de data de 30 de outubro de 2001 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 1.502,54 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 1 DE XULLO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 279 da Ordenanza laboral para a construción, vidro, cerámica e similares, aprobada por Orde Ministerial do 28 de agosto de 1970, e apartado 1.a), parte C, anexo I do Real decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, en relación co previsto no propio Plan de Seguridade, e todo isto en relación co artigo 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; por canto na obra que se realiza na rúa ..., de ..., se procedía á descarga de bovedillas, ó seu acopio e colocación, de modo que o material circulaba sobre os traballadores seguindo un simple proceso de organización e non de persoal e material, contravíndose, ademais, o propio Plan de Seguridade que establece ó respecto que a colocación de bovedillas farase desde plataformas de madeira ou prefábricas sobre as viguetas, movéndoas conforme sexa necesario.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 12.16.f) do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, e tendo en conta a plantilla afectada (oito traballadores) e a perigosidade que en si mesma supón a actividade da empresa, ó abeiro do disposto no artigo 39.3.a) e d), e 40.2.b) da citada norma legal, propónse a imposición dunha multa de 2.404,05 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo, pola Delegación Provincial de LUGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 8 de novembro de 2001 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 2.404,05 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Respecto das alegacións realizadas polo recorrente cabe facer as seguintes precisións:

1.- En ningún caso se pode considerar que se vulneraron os dereitos de defensa do inculpado, por canto o procedemento sancionador de referencia se tramitou en todo momento conforme ós principios, criterios e requisitos establecidos legal e regulamentariamente. En concreto, a acta da Inspección foille notificada correctamente, outorgóuselle un prazo de quince días para formular alegacións, e despois de ter recibido o informe ampliatorio da Inspección, dóuselle trámite de audiencia, de acordo co artigo 18.4 do Regulamento xa citado, tendo entón a posibilidade de acceder ó expediente e posteriormente presentar novas alegacións. A administración actuante non negou en ningún caso o dereito á vista do expediente contido no artigo 17.4 do citado Regulamento, pero é máis, tampouco o dereito a obter copia dos documentos contidos nel, recollido no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; considérase que para exercer este dereito, o interesado debería persoarse ante o órgano ou unidade administrativa que tramite o procedemento.

2.- A maior abundamento, debe sinalarse que, en todo caso, non se xerou indefensión algunha ó administrado, posto que o procedemento sancionador se resolveu conforme ós documentos obrantes no expediente con anterioridade ó trámite de audiencia, xa que posteriormente, o único documento que se sumou ó mesmo foi un novo escrito de alegacións do inculpado que reitera as alegacións xa feitas á acta. Tampouco debe esquecerse o feito de que se lle notificou correctamente a acta da Inspección e a resolución sancionadora, de modo que pode concluírse que o recorrente recoñecía exactamente os feitos imputados, a súa calificación xurídica e a súa tipificación.

3.- Ademais de que o interesado non desvirtúa a realidade dos feitos contidos na acta, débese indicar que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza ten declarado, en sentencias de 22 de abril de 1989 e 24 de setembro de 1996, entre outras, que as obrigas das empresas en materia de seguridade se teñen por cumpridas cando se adopten as medidas necesarias e convintes (as cales non se adoptaron no caso que nos ocupa), sen que poda afectar a esa realidade o relato ou apreciación da parte apelante sobre a necesidade da súa utilización, posto que as medidas de seguridade deberán adoptarse, en todo caso, cando exista posibilidade de perigo, calquera que sexa a súa intensidade ou posibilidade do mesmo.

4.- Polo demais, o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por dona M.C.F., en representación da empresa "P.C., S.L." contra a Resolución de data de 8 de novembro de 2001 acordada pola Delegación Provincial de LUGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 2.404,05 € mposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 5 DE SETEMBRO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 14, apartado 2º e 3º, e 17.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e nos artigos 1 e 3, apartado 1º, e 4 e Anexo II baixo a rúbrica de “disposicións relativas á utilización dos equipos de traballo”, apartado 3 denominado “condicións de utilización dos equipos de traballo para a elevación de cargas”, Apartado 1, Xeneralidades, apartado c) e baixo a rúbrica denominada en apartado “Equipos de traballo para a elevación de cargas”, apartado b) e c) último inciso e apartado d) do Real decreto 1.215/1997, do 18 de xullo, polo que se fixan as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo; e nos artigos 4.2.d) e 19.1 do do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo; todo o anterior en relación co accidente sufrido polo traballador don A.S.B., durante a manipulación de izado en carga e descarga, ó non ter adoptado as medidas de seguridade adecuadas fronte ó citado risco.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, de conformidade co disposto no artigo 49.1 e 4 da citada lei, proponéndose a imposición dunha multa de 2.103,54 €, ó valorar o prexuízo causado ó traballador.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 23 de xaneiro de 2001 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 2.103,54 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Respecto das alegacións realizadas polo agora recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1.- Segundo a normativa vixente aplicable ós procedementos sancionadores na orde social, non existe obriga de notificar o informe da Inspección ó inculpado. Non obstante o anterior, o artigo 17.4 do Real decreto 928/1998, establece que *“o suxeito ou suxeitos imputados que formulen alegacións fronte a acta, terán dereito a vista dos documentos obrantes no expediente, sen máis excepcións que as necesarias para asegurar a confidencialidad da orixe de calquera queixa”*; pola súa banda, o artigo 35 a) da Lei 30/1992, de aplicación subsidiaria na materia que nos ocupa, establece o dereito dos cidadanos *“a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e obter copias de documentos contidos neles”*. Polo tanto, a entidade inculpada non se atopou nunha situación de indefensión, posto que, en todo caso, tivo a posibilidade de solicitar copia do informe ampliatorio da inspección, podendo, no momento de interpoñer o presente recurso de alzada, facer as alegacións que estimara pertinentes en relación co referido informe, tendentes a desvirtuar o seu contido.

2.- En canto á suposta nulidade da resolución por ausencia do trámite de audiencia ó interesado, cabe sinalar que non pode ter favorable acollida nesta instancia. Neste sentido, cabe aclarar que o artigo 18.4 do Regulamento aprobado mediante o xa citado R.D. 928/1998, prevé a concesión, polo órgano competente para resolver, dunha nova audiencia ó interesado, sempre que das dilixencias practicadas se desprenda a invocación ou concurrencia de feitos distintos ós reseñados na acta da Inspección. Polo tanto, no caso que nos ocupa, non procede este trámite por canto o informe emitido pola Inspección non engade elementos novos á acta e a resolución se fai en relación ós feitos consignados na mesma.

3.- Os feitos descritos na acta, se ben non poideron ser presenciados pola inspectora actuante, dado o seu carácter imprevisible, foron constatados a través dos medios de proba consignados no propio documento público (entrevista co traballador afectado e con don F.C.R., xerente da empresa; exame de diversa documentación entre a que se atopa o informe técnico do Centro de Seguridade e Hixiene e o informe interno elaborado pola empresa así como o parte do accidente). En consecuencia, dada a forza probatoria que segundo reiterada xurisprudencia tamén se estende ós feitos deducibles dos elementos probatorios referenciados na acta, correspóndelle ó presunto responsable negar a veracidade dos feitos amparados en tal presunción, non só a través de meras alegacións, senón tamén aportando probas incontestables e indubitables.

4.- Non se cuestiona o método de traballo normal, senón a falta de previsión para incidencias como a descrita. A empresa non adoptou medidas de seguridade axeitadas fronte ó risco de manipulación de izado de carga e descarga.

5.- Con respecto á non realización da proba solicitada no escrito de alegacións á acta, tense que sinalar que a empresa solicita a declaración do traballador afectado, trámite improcedente porque, de acordo co criterio seguido nas sentencias do Tribunal Supremo (entre outras do 21.10.69, 08.11.69, 04.11.70, 22.03.77) esta declaración carece de carácter probatorio dado o sometimento funcional e económico dos traballadores ó empresario. Ademais, e segundo se recolle na acta, o traballador xa foi entrevistado nas oficinas da Inspección o 10 de xullo de 2000. Respecto do testimonio do xerente da empresa, este xa foi prestado ante a Inspección o 7 de agosto de 2000, polo que resulta innecesario practicar de novo esta entrevista. Engadir que aínda que na resolución se omitira responder á solicitude

de proba, enténdese que non hai indefensión nin a dita omisión modifica, sequera minimamente, o resultado do expediente, polo que non procede a retroactividade, senón a aclaración dese extremo dentro da resolución do presente recurso.

6.- Tampouco pode ter favorable acollida nesta instancia a alegación relativa á posible “*actitude imprudente do traballador*”, toda vez que, segundo reiterada xurisprudencia, a débeda de seguridade da empresa cos traballadores implica a obriga daquela de vixiar o cumprimento das súas instrucións, instrucións que no presente suposto non se probou que se fixeran, e que deben non só ter a finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servicio encomendado, senón que ademáis deben ter como obxecto a prevención das ordinarias imprudencias profesionais.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don F.C.R. en representación da empresa “C.D.I., S.L.” contra a Resolución de data de 23 de xaneiro de 2001 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 2.103,54 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 9 DE SETEMBRO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 14.2 e 17.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; apartados 1.2, 1.3 e 1.8 do Anexo I en relación co artigo 3 do Real Decreto 1.215/1997, do 18 de xullo, polo que se fixan as dispo-

sicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo; todo o anterior en relación coas deficiencias observadas en materia de seguridade respecto de certas máquinas empregadas polos operarios no desenvolvemento normal da actividade empresarial.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.b) da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da mesma lei, proponéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 €.

Por outra banda, constatouse o incumprimento do disposto no artigo 16 da mesma Lei, por canto non se efectuou avaliación de riscos con anterioridade á visita da inspección. Esta infracción tipifícase como GRAVE no artigo 47.1 da citada norma legal, apreciándose a sanción en grao MÍNIMO, conforme ó devandito artigo 49, polo que se propón unha sanción de 1.502,54 €.

En vista do anterior, propónse unha sanción total de 3.005,08 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo, pola Delegación Provincial de OURENSE, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 4 de decembro de 2000 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.005,08 € (1.502,54 € por cada unha das infraccións cometidas).

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Nada alega o recorrente en relación coa primeira infracción polo que, dada a presunción de veracidade atribuída ós feitos contidos na acta, e tendo en conta que a empresa expedientada non presenta proba algunha que destrúa a citada presunción, é polo que se considera que se debe confirmar a sanción imposta.

En canto á segunda infracción, relativa á ausencia da avaliación inicial de riscos, a empresa sostén que en xullo de 1998 xa tiña unha elaborada, a mesma que presentou,

en fotocopia, xunto coas alegacións á acta. Dado que entón non se lle estimou o contido do seu prego de descargos, achega agora unha certificación asinada polo xefe do Servizo de Prevención de Mutua Gallega, segundo a cal o 5 de marzo de 1998, ese servizo revisou a avaliación inicial de riscos laborais feita pola empresa sancionada. Débese manifestar ó respecto que non pode ser tida en conta esta alegación por canto:

-O documento titulado “Avaliación inicial xeral de riscos laborais” presentado pola empresa xunto co escrito de alegacións á acta, é un mero conxunto de fotocopias sen asinar, que están datadas xenéricamente en xullo de 1998, sen que de ningún xeito se poida saber cando foi realizado. O que si está probado, é que en na comparecencia da empresa o 18 de maio de 2000 nas oficinas da inspección, a empresa só achegou unha avaliación datada o 12 de maio de 2000 (posteriormente, polo tanto, á data da visita inspectora).

-A certificación presentada agora, unicamente sinala que a Mutua Gallega revisou unha avaliación inicial de riscos o 5 de marzo de 1998, pero en ningún caso consta que a citada avaliación se realizara finalmente, cumprindo coas prescricións normativamente establecidas. Así, a fotocopia da suposta avaliación inicial de riscos feita en 1998, nin sequera aparece debidamente asinada polo persoal competente, tal e como é esixible conforme ó artigo 4.3 do Real Decreto 39/97, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta e que deba ser tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que quedan suficientemente acreditadas as infraccións a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que das infraccións se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don A.A.A. en representación da empresa “A.M., S.L.” contra a Resolución de data de 4 de decembro de 2000 acordada pola Delegación Provincial de OURENSE, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 3.005,08 € (1.502,54 € por cada unha das infraccións cometidas), imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 9 DE SETEMBRO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 4.2.d) e 19 do do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e nos artigos 14 e 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; en relación coa carencia de Plan de Avaliación de Riscos.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.1 da Lei de prevención de riscos laborais xa citada, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da mesma lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 € .

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 13 de decembro de 2000 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.502,54 € .

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Polo que se refire ás alegacións formuladas polo recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1.- Xunto coas alegacións á acta, a empresa infractora presentou un contrato para o concerto da prestación de servizos de prevención, celebrado coa Mutua Gallega con data do 7 de setembro de 2000, cando a visita da Inspección, na que se comprobou a ausencia do Plan de Avaliación de Riscos, é do 1 de agosto, plan que non é achegado pola empresa e a falta do cal se sanciona. Neste sentido, lémbbraselle á empresa que o artigo 47.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais contempla como infracción grave non levar a cabo as avaliacións de riscos, pero non a falta de concertación cun servizo de prevención, que é unha falta tipificada no parágrafo 15 do mesmo artigo e que non é obxecto da sanción no presente caso.

2.- Non se incumpriu o disposto no artigo 18.3º do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio, posto que, efectivamente, se solicitou informe ampliatorio á Inspección, unha vez recibidas as alegacións á acta presentadas pola empresa. O citado informe tivo entrada na delegación provincial desta consellería en Pontevedra, con data do 23 de novembro de 2000 e serviu de fundamentación a resolución recorrida, tal e como se recolle no Feito Terceiro e no Fundamento de Dereito Quinto da citada resolución.

3.- Respecto da alegación sobre a caducidade da actuación inspectora debe sinalarse que se respectou o sinalado polo artigo 17.1 do citado Regulamento, por canto a acta foi levantada o día 19 de setembro de 2000 e notificada o día 26 do mesmo mes e ano, segundo consta no acuse de recibo incorporado ó expediente, dentro, polo tanto, dos dez días hábiles consignados na citada norma. Resaltar que, como ben recolle o recorrente no seu escrito, este prazo se conta desde a data da acta, e non desde a data da visita da Inspección. Esta non ten obriga legal de levantar acta inmediatamente despois da Inspección; é máis, o artigo 8 do citado Regulamento establece a posibilidade de que as actuacións comprobatorias levadas a cabo pola Inspección, entre as cales se inclúe a visita, se leven a cabo durante un período máximo de nove meses, sen que se poidan interromper por máis de tres meses. Só cando transcorren estes prazos, decae a posibilidade de estender acta de infracción.

4.- Evidentemente, o procedemento sancionador non caducou, posto que entre a data da acta (19.09.00) e a data de notificación da resolución recorrida (19.12.00), non transcorreran os seis meses prescritos polo artigo 20.3 da mesma norma regulamentaria.

5.- A infracción está correctamente tipificada como grave e a gradación da sanción responde ós criterios establecidos legalmente. Precisamente, dado que non concorren circunstancias agravantes, é polo que se impón no seu grao mínimo e dentro deste, na súa contía inferior.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don M.A.L. en representación da empresa "T.A., S.L." contra a Resolución de data do 13 de decembro de 2000 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 1.502,54 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 9 DE SETEMBRO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, polas seguintes infraccións:

1ª. Incumprimento do disposto no artigo 51.1.b) da Ordenanza xeral de seguridade e hixiene no traballo (Orde ministerial do 9 de marzo de 1971), por canto en visita celebrada ó centro de traballo, se comprobou que na grada nº 3, para a distribución de corrente eléctrica para os traballos que se realizaban nas construcións nº 139 e 140, se utilizaba un cadro de distribución eléctrica que dispoñía de 9 bornes, os cales tiñan as súas partes activas ó descuberto, sendo a tensión de 380W.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como LEVE no artigo 46.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÁXIMO, de conformidade co disposto no artigo 49.1.a) e c) do mesmo texto legal, en atención á perigosidade inherente á actividade de construción naval así como á gravidade dos danos previsibles e o incumprimento do requerimento da Inspección sinalado, proponéndose a imposición dunha multa de 601,02 €.

2ª. Infracción do disposto no artigo 61.6 da citada ordenanza, por canto para a iluminación das construcións 139 e 140 se empregaban lámpadas portátiles as cales carecían de mango illante e dispositivo protector da mesma, sendo a súa tensión de 230V, non obstante ser o centro de traballo conductor ó ser as construcións de aceiro.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como LEVE no artigo 46.4 da Lei 31/1995, xa citada, apreciándose a sanción resultante en grao MÁXIMO, de conformidade co disposto no artigo 49.1.a) e c) do mesmo texto legal, en atención á perigosidade inherente á actividade de construción naval así como á gravidade dos danos previsibles tendo en conta que os barcos son de aceiro, é dicir, material conductor, proponéndose a imposición dunha multa de 601,02 €.

En total propónse a imposición dunha multa de 1.202,04 € .

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 18 de xaneiro de 2001 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.202,04 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre

traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1.- Considérase que a resolución do procedemento sancionador de referencia, está debidamente motivada por canto por unha banda, se remite á acta levantada pola Inspección, acta que expresa de xeito claro e preciso, en primeiro lugar, cales son os feitos constitutivos da conducta sancionada, isto é, describe axeitadamente as deficiencias que presentaba o cadro de distribución eléctrica e as lámpadas portátiles, e, en segundo lugar, sinala expresamente cales son os preceptos sancionados así como a tipificación da infracción e as circunstancias agravantes (sinalar ó respecto que para agravar a sanción é suficiente con que conorra un dos criterios legalmente previstos). Por outra banda, na resolución introdúcese como parte da motivación o informe ampliatorio remitido pola Inspección con data do 26 de decembro de 2000, o cal está permitido polo artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Ademais, na fundamentación xurídica da resolución de instancia, contéstanse as alegacións pertinentes, non sendo necesario que conteña un razonamento exhaustivo e pormenorizado de tódolos aspectos formulados polo alegante, senón só daqueles que sexan relevantes para a decisión final.

2.- Segundo a normativa vixente aplicable ós procedementos sancionadores na orde social, si se presentan alegacións á acta, que invoquen feitos ou circunstancias distintos ós consignados na acta, insuficiencia do relato fáctico da mesma ou indefensión por calquera causa, o informe ampliatorio é preceptivo. Pode entón a empresa prever a súa solicitude se ben non existe obriga de notificar o informe ampliatorio ó inculpado. Non obstante o anterior, e conforme ó disposto no artigo 17.4 do Real decreto 928/1998, e artigo 35.a) da Lei 30/1992, de aplicación subsidiaria nesta materia, non pode admitirse que a entidade inculpada se atopara nunha situación de indefensión, posto que, en todo caso, tivo a posibilidade de solicitar copia do informe ampliatorio da inspección, podendo, no momento de interpoñer o presente recurso de alzada, facer as alegacións que estimara pertinentes en relación co referido informe, tendentes a desvirtuar o seu contido.

3.- En todo caso, o informe citado confirma a acta en todos os seus términos, sen modificar en ningún momento nin os feitos imputados nin a súa calificación xurídica, polo que tampouco foi preciso realizar un novo trámite de audiencia.

4.- Tal e como se fai constar na acta, durante a visita da inspección comprobouse que se utilizaba un cadro de distribución eléctrica que tiña 9 bornes coas partes activas ó descuberto e que se utilizabn lámpadas portátiles sen mango illante e sen dispositivo protector. Estes feitos, que son os que son causa da infracción e como tales son sancionados,

foron comprobados directa e persoalmente pola funcionaria actuante, sen necesidade de intermediación doutro soporte probatorio, polo que gozan de presunción de veracidade.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por dona M.E.F.D., en representación da empresa "F.N.M., S.A." contra a Resolución de data de 18 de xaneiro de 2001 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 1.202,04 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 9 DE SETEMBRO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 14, apartados 1, 2 e 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e artigo 3.1 e 4 en relación cos artigos 1 e 2 e Anexo I. Disposicións mínimas xerais aplicables ós equipos de traballo, apartados 4 e 8 e Anexo II. Disposicións relativas á utilización dos equipos, 1. Condicións xerais de utilización dos equipos de traballo, artigo 4 e 9 do Real Decreto 1.215/1997, do 18 de xullo, polo que se fixan as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo; e artigo 3, 4, 7 e Anexo I, apartado 3 e Anexo III, apartado 3 do Real Decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativos á utilización polos traballadores de equipos de protección individual; e nos artigos 4.2.d) e 19.1 do do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo; todo o anterior en relación co accidente sufrido polo traballador don J.M.A., por non dis-

poñer de protección que protexa directamente a ferramenta de corte e non estar provisto de equipo de protección individual adecuado ó traballo encomendado e desempeñado.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, de xeito que tendo en conta a gravidade dos danos producidas, ó ter perdido o traballador o noventa por cen de visión no ollo dereito e de conformidade co disposto no artigo 49.1 e 4 da citada lei, se propón a imposición dunha multa de 3.005,06 €.

SEGUNDO.- Dado que a empresa non presentou alegacións á acta, en cumprimento do disposto no artigo 18.2 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio, concédesele un prazo de dez días hábiles para comprobar o expediente, advertíndolle que, de non presentar alegacións dentro do prazo legal, se pode confirmar a acta. Transcorrido aquel, o interesado non fixo uso do seu dereito.

TERCEIRO.- Con data do 11 de xaneiro de 2001, pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais dictouse Resolución a que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.005,06 €.

CUARTO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, de forma resumida, se expoñen a continuación:

1.- A visita da Inspección produciuse sete meses despois do accidente, polo que as afirmacións da acta son opinións subxectivas basadas en declaracións de referencia, polo que non gozan da presunción de veracidade.

2.- As máquinas existentes no taller gozan da protección adecuada e marcado CE; a Inspección asegura que a máquina non dispoñía de protección adecuada pero non explica por que. O traballador dispoñía de gafas.

3.- O accidente produciuse por unha falta de utilización das gafas antiproxección, achacable unicamente ó operario e a unha posible incorrecta utilización da maquinaria de corte pola súa parte.

4.- Non se puideron infrinxir os artigos 4 e 9 do Real Decreto 1.215/1997, por canto o primeiro se refire á comprobación dos equipos de traballo no momento da súa instalación e o segundo non existe.

5.- Como moito, trataríase dunha falta leve.

QUINTO.- Con data do 4 de decembro de 2001, remítese á Inspección de Traballo e Seguridade Social da Coruña, unha solicitude de informe respecto das alegacións manifestadas polo representante da empresa no escrito de interposición do recurso dealzada. Este informe ten entrada no Rexistro xeral desta consellería con data do 30 de xaneiro de 2002.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre

traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Segundo o informe mencionado no punto Quinto dos Feitos, e que conforme ó artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, serve de motivación á presente resolución:

1.- Xírase visita ó centro de traballo con motivo dunha actuación rogada, a instancia de parte, a efectos de solicitar copia da investigación dos feitos acaecidos con motivo do accidente xa referido. Non existindo dito informe, nun período excesivamente pouco dilatado no tempo desde a entrada da citada reclamación, a Inspección procede á investigación do accidente. A empresa parece pretender un desexo de ubicuidade imposible, pretendendo que todos os Inspectores se atopen no momento en que vaian ocorrer os sucesos laborais nos correspondentes centros de traballo. A Inspección debe comprobar os feitos que se produzan, no ámbito da súa competencia, mediante as comprobacións directas ou indirectas, é dicir, mediante todos os medios de proba admitidos en dereito que conduzan á realidade dos feitos concretos e circunstancias acaecidos.

2.- O único suxeito responsable do incumprimento da obriga de seguridade que se lle imputa é o empresario, por tanto, impónselle a este a obriga de adoptar en todas as máquinas que se empreguen nas tarefas de carpintería e, concretamente na máquina escadradora, as medidas de seguridade axeitadas e á súa vez comprobar que se manteñan en bo estado de uso e de eliminación de riscos, pero este deber hai que entendolo no sentido de que se debe tomar en cada caso a dilixencia axeitada ó material de que se trata, así como ó fin a que esté destinado tendo en cada caso que adoptar as medidas de seguridade necesarias, por isto, recordar que a simple compra dunha máquina que teña a súa patente debidamente aprobada, non a exonera daquela obriga senón que en cada caso ten que comprobar que dita máquina ten as proteccións adecuadas e se utiliza correctamente, máxime tendo en conta a disociación existente entre as normas referentes á produción industrial e as concernentes á seguridade no traballo. Tal e como corrobora o artigo 14.4 da Lei 31/1995, o feito de que existan outros suxeitos distintos do empresario, que tamén teñan obrigas ou cumplan funcións en materia de seguridade e saúde no medio de traballo e contra os cales sempre poderá repetir o empresario mediante o exercicio das accións xudiciais correspondentes, non exime de modo ningún a aquel do cumprimento dos seus deberes nesta materia.

3.- En canto ás instrucións dadas ós traballadores maniféstase que o responsable da seguridade é o empresario e, aínda sendo os propios traballadores os que en grande medida han de aplicala, só poderán facelo correctamente se reciben as instrucións e teñen os medios adecuados, por parte de que, como titular do poder de organización e dirección na empresa, ten unha visión á vez de conxunto e particular dos riscos existen-

tes na mesma e é o responsable de confeccionar e ordear as tarefas que conducen á obtención dun nivel de seguridade axeitado.

4.- Respecto da cuestión referente a que a empresa poña a disposición dos traballadores os elementos adecuados de protección, sinalase que a débeda de seguridade da empresa con aqueles non se esgota en darlles os medios normais de protección, senón que ven ademais obrigada á axeitada vixilancia de cumprimento das súas instrucións que deban tender non só á finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servicio encomendado, senón ademais, da prevención das ordinarias imprudencias profesionais.

5.- A tipificación e calificación da infracción está sinalada na normativa aplicable en base ó principio de tipicidade, legalidade e seguridade xurídica.

Sinala, finalmente, que na data do accidente, os feitos se produciron como se expoñen na acta, vulnerándose os preceptos alí sinalados, e non cabe imputar a distracción algunha o accidente, senón sinxelamente a que existía un risco fronte ó que non se adoptou ningunha medida protectora nin colectiva nin individual.

CUARTO.- En relación ás alegacións formuladas polo recorrente, e a maior abundamente, sinalase que non pode admitirse que a presunción de veracidade das actas da Inspección se refira unicamente os feitos constatados pola directa presenza do Inspector no momento de ocorrer o accidente ou feito que motive a súa actuación, ó non existir base algunha positiva que autorice a existencia de tal presenza; débese ter en conta, ademais, que a amplitude de medios que se poñen ó alcance do Inspector permite que esté actuando “a posteriori” dun suceso imprevisible, formando a súa propia convicción, a través das dilixencias que se practiquen, realizando, en tal caso, as súas funcións co mesmo alcance legal que cando por vista directa comproba un motivo de responsabilidade sancionable. No suposto que nos ocupa, e tal e como se reflicte na acta, os feitos foron comprobados mediante entrevista co apoderado da empresa, entrevista co traballador accidentado; examen da documentación aportada pola empresa, en particular, o parte de accidente de traballo, informe respecto da investigación do accidente realizada pola propia empresa, parte médico de baixa e alta médica e avaliación inicial de riscos da empresa. Ademais, na acta dise expresamente que a máquina escadradora na que operaba o traballador no momento de producirse o accidente, continuaba carecendo da protección adecuada non momento de efectuarse a visita. Deste xeito, procede concluír que a forza probatoria exténdese tamén ós feitos deducibles dos elementos probatorios referenciados na acta, ademais dos que resulten acreditados in situ polo inspector actuante

Polo que se refire ós preceptos infrinxidos, a acta sinala entre outros “Anexo II. Disposicións relativas á utilización dos equipos, 1. Condicións xerais de utilización dos equipos de traballo, artigos 4 e 9 do Real decreto 1.215/1997, do 18 de xullo, polo que se fixan as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo”. En consecuencia, non se trata dos artigos 4 e 9 deste regulamento, como alega o recorrente, senón dos contidos no punto 1 do Anexo II deste.

QUINTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle

deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.A.G.S. en representación da empresa "C.C., S.L." contra a Resolución de data de 11 de xaneiro de 2001 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 3.005,06 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 2 DE OUTUBRO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 4.2.d) e 19.1 do do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, en relación co artigo 14, apartados 1 e 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, así como cos preceptos regulamentarios contidos no artigo 11 do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e no artigo 165 da Ordenanza laboral para a construción, vidro, cerámica e similares, aprobada por Orde Ministerial do 28 de agosto de 1970, vulnerándose, ademais, os artigos que en cada caso se indican:

1.- Artigo 206 da citada Ordenanza laboral, en relación co apartado 5.b) da Parte C do Anexo IV, en relación co artigo 11.1.c) do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e co artigo 15.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; por canto o andamio situado na fachada posterior da obra, carece das preceptivas varandas e rodapés, así como de calquera outro sistema regulamentario de protección colectiva e ten un piso cunha anchura dun só taboleiro.

2.- Artigo 187 da antedita Ordenanza laboral da construción, en relación co apartado 3.a) da Parte C do Anexo IV, en relación co artigo 11.1.c) do Real Decreto 1.627/1997, e co artigo 15 da Lei 31/1995; por canto a parte superior da obra carece da regulamentaria protección colectiva.

Tanto a primeira como a segunda infracción se tipifican como GRAVES no artigo 12.16.f) do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose as sancións correspondentes en grao MÍNIMO, de conformidade co establecido no artigo 39.6 do mesmo texto legal, proponéndose unha sanción de 1.503,13 € por cada unha delas, segundo o artigo 40.2 da mesma norma legal, polo que se propón a imposición da sanción correspondente por un importe total de 3.006,26 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, pola Delegación Provincial da PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 20 de setembro de 2001 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.006,26 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- O alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese, reiterando os argumentos xa expostos no seu escrito de alegacións á acta. Non obstante o anterior, procede facer as seguintes puntualizacións:

- A realización por parte do funcionario inspector dun requerimento á empresa, cando comprobe a existencia dunha infracción á normativa sobre prevención de riscos laborais, en ningún caso impide o levantamento da correspondente acta de infracción por esa mesma conducta. É máis, no caso de incumprirse este requerimento, o inspector pode levantar a acta se non o fixera anteriormente, e neste caso, o incumprimento xoga como criterio agravante da calificación da infracción, pero nótese que non se impide o previo levantamento da acta de infracción. Isto é o que sinalan os artigos 43 da Lei de prevención de riscos laborais e o 11.2 do R.D. 928/98, sen que quepa interpretar, tal e como fai a empresa no seu recurso, que só procede o levantamento da acta cando se incumpre o requerimento.

- Non se conculcan os principios de legalidade e tipicidade por canto, en primeiro lugar, as condutas observadas pola funcionaria actuante, supoñen o incumprimento de diversos preceptos legais e regulamentarios, sinalados na acta, o que de acordo co artigo 5.2 do R.D. lex. 5/2000, supón unha infracción laboral (nótese que constitúen tal non só as accións e omisións dos empresarios que incumpran normas legais, senón tamén as que incumpran normas regulamentarias e cláusulas normativas de convenios colectivos). Por suposto, tales condutas aparecen debidamente tipificadas no artigo 12.16.f) da mesma norma.

- Non se infrinxe tampouco o principio de “*non bis in idem*” posto que, as dúas infraccións cometidas, se ben están tipificadas no mesmo artigo (12.16.f) do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social), correspóndense a feitos ou condutas distintos (deficiencias nun andamio e falta de medidas de protección na parte superior da obra), que supoñen o incumprimento de preceptos tamén diferentes.

CUARTO.- Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don R.B.V. en representación da empresa do mesmo nome contra a Resolución de data de 20 de setembro de 2001 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 3.006,26 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 14 DE OUTUBRO DE 2002

Examinado o recurso formulado polas empresas de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, en relación co accidente mortal sufrido polo traballador don C.L.B., polos seguintes incumprimentos:

1.- Utilización de medios inadecuados para acceder ás correas da cuberta, o que constitúe infracción ó disposto nos artigos 14 e 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de

prevención de riscos laborais, en relación co disposto no Anexo IV, Parte C, punto 3.a) e b) do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e o Anexo I, Parte A, punto 8.1, 3 e 4 do Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, en relación co disposto nos artigos 186, 188, 192 e 193 da Orde do 28 de agosto de 1970 e Disposición final única nº 2 do Convenio colectivo xeral da construción aprobado por Resolución do 30 de abril de 1998, todo isto de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 31/1995.

2.- Falta de cooperación e coordinación na aplicación das medidas preventivas, o que constitúe infracción ó disposto no artigo 24.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en relación co sinalado no artigo 11.1.c) do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Tales infraccións atópanse tipificadas e cualificadas como GRAVES no artigo 47.16.f) e 47.13 da Lei 31/1995, respectivamente, apreciándose a sanción resultante en grao MEDIO, tendo en conta os criterios establecidos no artigo 49 da mesma lei, en especial o número de traballadores afectados, o carácter permanente dos riscos inherentes á actividade e a perigosidade das actividades desenvolvidas no centro de traballo, proponéndose a imposición dunha multa de 7.212,15 € por cada unha delas, o que fai un total de 14.424,30 €.

Declárase a responsabilidade solidaria das empresas de referencia de conformidade co disposto nos artigos 24.3 e 42.2 da Lei 31/95.

SEGUNDO.- Dada a concorrencia do procedemento sancionador de referencia coa existencia de dilixencias na orde xurisdiccional penal, procédese á súa suspensión con data do 22 de outubro de 1999. Con data do 8 de novembro de 1999 ten entrada no rexistro da delegación provincial un escrito do Decanato dos Xulgados de Vigo comunicando o sobresemento provisional daquelas.

TERCEIRO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 22 de febreiro de 2000 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 14.424,30 €, solidariamente ás empresas "I.S.M., S.L.", "E.G.A.C., S.A." e "C.B., S.L."

CUARTO.- Contra a antedita Resolución as empresas referenciadas interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaban que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimaron máis convenientes ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Conforme ó disposto no artigo 73 da citada Lei 30/1992, e dada a íntima conexión entre os recursos formulados polos representantes das empresas xa sinaladas, procédese á súa resolución conxunta na presente resolución.

CUARTO.- En canto ás alegacións formuladas polos recorrentes cabe sinalar, en primeiro lugar que os feitos consignados na acta, se ben non poideron ser observados directamente pola funcionaria actuante, ó tratarse o accidente dun suceso imprevisible, foron constatados a través dos medios de proba que se recollen no mesmo documento público e que son fundamentalmente a realización de diversas entrevistas con representantes das empresas inculpadas e traballadores das mesmas, incluídos testemuñas do accidente; así como o exame de diversa documentación consignada na mesma acta. Os feitos así constatados tamén gozan da presunción de veracidade atribuída pola lei ás actas da Inspección. Esta presunción non vulnera o artigo 24 da Constitución, conforme a reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo conforme á cal a presunción de veracidade das actas non produce unha inxustificable inversión da carga da proba que lesione o dereito fundamental da presunción de inocencia, nin indefensión, nin esixencia contraria de feitos negativos, posto que fronte á súa forza probatoria se pode reaccionar presentando proba en contrario.

Respecto da proba solicitada no escrito de alegacións á acta presentado polas empresas "C.B., S.L." e "S.S., S.L.", e sobre a que alegan no seu recurso, indicar que tal proba resultou improcedente por dúas razóns: en primeiro lugar, e como ben se di no informe practicado pola inspectora actuante, descoñécese quen é a testemuña proposta (na acta non se menciona a esta persoa), e por outro lado, en todo caso, dada a vinculación que existe entre esta persoa e as empresas inculpadas, segundo se desprende do seu escrito de alegacións no que o denominan coordinador xeral en materia de prevención e seguridade, a súa declaración carecería de valor probatorio, en virtude do sometemento funcional e económico que tería respecto da empresa.

Polo demais, o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose os recorrentes a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese, reiterando os argumentos xa expostos no escrito de alegacións á acta e que xa foron obxecto de estudo e valoración naquel momento. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeiutada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmala resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Resolve

DESESTIMA-LOS recursos interpostos por don B.N.M., don J.L.F.D. e don R.P.S. en representación das empresas “C.B., S.L.”, “I.S.M., S.L.” e “E.G.A.C., S.A.” contra a Resolución de data de 22 de febreiro de 2000 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 14.424,30 € imposta solidariamente ás tres empresas citadas.